

*Relatos da paisaxe*



*Per loca marítima*

**Xosé Benito Reza**

[www.galeguizargalicia.com](http://www.galeguizargalicia.com)



**XOSÉ BENITO REZA RODRÍGUEZ**

*(Celanova - Ourense, 1956).*

*Enxeñeiro superior de Montes. Foi director dos parques naturais Baixa Limia-Serra do Xurés e Invernadoiro (1995-1999); xefe do Servizo Galego de Espazos Naturais Protexidos (1997-1998); xefe do Servizo de Conservación da Biodiversidade (1998-1999); director xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia (2005-2009); Foi promotor da Lei de protección da paisaxe de Galicia (7/2008, de 7 de xullo). Foi membro de asociacións especializadas en medio e é membro*

*das asociacións culturais “Amigos do Couto Mixto”, “Curros Enríquez”, “Álvaro das Casas”, “Seminario de Estudos Celanovenses”, etc. É autor de Memorias do Pedal - O camiño portugués a Santiago, de Celanova e o vento, da biografía do poeta Manuel Curros Enríquez, da biografía de Arturo Nogueiro Buján e dos libros Vivir en Ancares e Antioquía.*

Subvenciona:



Publica:



Coa colaboración:



© do texto: Xosé Benito Reza Rodríguez

© da edición: AFNLG

Coordinación: Carne Vaquero  
Xosé González

Fotografía e deseño: Pío García

Edita:



Imprime: Artes Gráficas Litonor

Deposito legal:C4087-2009

**galeguizar galicia**



Ocorre as máis das veces que os viaxeiros van ollando a paisaxe, pero sen descifraren as causas, historia e circunstancias que a definen. Adóitase dicir —non é máis ca unha frase feita— que o viaxar arrequece a cultura. Iso depende. Se nos fiamos dalgunhas enquisas feitas sobre o coñecemento que os galegos temos do noso medio, a conclusión é ben distinta: vivimos nun País que non valoramos dabondo, porque o descoñecemos.

Otero Pedrayo, que tivo que viaxar moito nos coches de liña, tiña por costume ilustrar o seu acompañante de todo o que os seus ollos albiscaban, de preto e de lonxe. Din os que gozaron da súa compañía naquelas demoradas viaxes polas estradas galegas que era unha regalía poder coñecer “sobre a marcha” todo o que quedaba fóra da xanela do autobús.

*Relatos da Paisaxe* pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Trabivus Noroeste unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos, tradicións, etc., que salfiren a nosa contorna. A suma de todos eles fan parte da nosa cultura, relatada en lingua galega, que resoou, resoa e resoará nos escenarios que se van sucedendo nas viaxes que se fan percorrendo as estradas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia poñen nas súas mans unha pequena colección de relatos escritos para esta acción por diversos autores, coa finalidade de divulgar e fomentar o uso da lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero  
*Presidente da AFNLG*



Xosé Benito Reza

*Per loca maritima*

O viaxeiro colleu o autobús na praza de Avelino Vicente, na Guarda. Nunha praciña que xorde como resultado da confluencia de dúas rúas principais daquela vila no fin de Galicia. Un pouco antes mirara na pequena oficina de ATSA os horarios e as diversas liñas que van xunguindo esa vila coa cidade máis cosmopolita de Galicia, ou sexa, Vigo. E a el, que é do interior, de terras a montes arredadas das grandes vías de comunicación, chamoulle a atención o ben conectados que están todos estes lugares da comarca chamada Baixo Miño coa bulideira e mercantil Vigo. Xa teñen de luns a venres un autobús que sae de madrugada, ás seis menos cuarto, moito antes de que cante o galo. E logo, a partir das sete da mañá, van saíndo sen interrupción e cada media hora ata as sete da tarde os

sucesivos autobuses. A verdade —pensou con tino— é que estanche ben comunicados estes paisanos das terras do Miño, do Tamuxe, do Rosal e Tui, coa gran cidade pontevedresa.

Á hora en punto saímos, e digo en punto porque o viaxeiro quedou abraiado coa puntualidade do condutor. Tiña a saída fixada ás 2:30 horas da tarde, e saíu ás 2 horas, 29 minutos, 40 segundos! O condutor era home serio con acenos moi profesionais, impecablemente vestido co seu traxe de pantalón azul case negro e camisa azul celeste, cobrou 5 euros 45 pola viaxe. O autobús ía practicamente baleiro, tan só un matrimonio de idade cunha muller de abondosas proporcións, dúas raparigas que marcharon coma un raio ao fondo de todo e se







puxeron a coclear como galiñas, e o viaxeiro sentado na primeira cadeira pola banda da dereita.

Arrancamos. Bordeando pola cima a pronunciada pendente que leva ao último porto galego, a aquel reduto da vida mariñeira onde chegaron sempre os máis afamados mariscos do mundo. E o viaxeiro recorda aquel día hai tantos anos, cando chegou coa súa bicicleta dende o Pedregal de Irimia nas montañas de Lugo. Había na Guarda moito rebumbio e algarabía, era o día da festa da Lagosta!, e a boca fíxoselle auga, mirando tanta xente debullando animal tan cobizado e escollido.

Ao pouco xa deixamos atrás a última vila mariñeira de Galicia. Se por algo se distingue esta vila, é, entre moitas outras cousas, por posuír as manifestacións máis antigas e sobranceiras das culturas que a través dos séculos foron instalándose paseniño no noso país. En efecto, A Guarda conserva ese tesouro único de valor incalculable que é o monte da Santa Tegra, e que case todo o mundo coñece inda que só sexa de orella. Pero hai tamén na Guarda outra rareza, practicamente descoñecida, porque denantes que aquela raza vella, eses celtas que di a xente, acubillara durante centos de anos nos outeiros máis esgrevios de Galicia, vivían aló outras xentes, moito máis primitivas, que se afastan de nós milleiros de anos, e que vivían do que boamente a natureza lles procuraba, unha natureza pródiga en recursos neste lugar tan excepcional. Pé do mar, pé do gran río, en terras fértiles, fondas





e tépedas, na foz do Miño de augas salobres fronte ao grande océano, ateigada de toda sorte de peixes. Eran aquelas xentes das idades máis escuras e descoñecidas, daquelas do chamado Paleolítico, cando comezabamos a domesticar os animais, a manexar o lume, a sementar as primeiras terras. Cando as ferramentas eran todas de pedra, pedra dura de seixo, rolada e pulida polas augas imperecedoiras do Miño, e que os homes modernos atopamos naquel lugar, tan preto da Guarda, que chaman Camposancos.

E logo, ergueito coma se fose un xigante, por riba da praia de Camposancos e as nosas costas no camiño de Vigo, xorde coma un estandarte o monte da Santa Tegra, o monte do castro onde todos nos identificamos cos nosos antepasados. Cantos de nós fomos aló na compañía de amigos e parentes, percorrendo en silencio a enorme citania, na contemplación serena do monumento con dous milleiros de anos de antigüidade! Por entre rúas angostas e reviradas, algunhas aínda conservando o vello chan da cidadela. Ollando abraizados as diminutas cachopas reconstruídas, daqueles celtas que din que chegaran un día dos países máis fríos da vella Europa para ensinarnos a traballar o ferro. Casiñas circulares, que ese é o mellor xeito de aproveitar o espazo, os poucos espazos da coroa de tantos castros como temos, sen máis concesións nin medianeiras, colmadas de palla de centeo, e cunhas fiestras estreitas por onde seguro fungaba o vento mareiro nas noites invernaís estremecidas de estrelas. Dende aquela insólita elevación dexérgase medio mundo, o Baixo Miño, terra quente, feraz, ulente, gauda ou alegre, onde medra o bo viño albariño, a vila de Camiña aló á fronte, que di o poeta portugués somos como dous namorados que o río trae separados e non podemos casar, o inmenso esteiro do pai Miño sucumbindo logo de percorrer en diagonal todo o país, a inmensidade oceánica do Atlántico infinito que se abre sen contemplacións e a liña costeira dirixida cara ao norte por onde vai o noso camiño de hoxe.



A liña costeira que agora seguimos ten unha morfoloxía moi especial. En nada se semella ao resto da costa galega, nin sequera a aquela ribeira do norte de Lugo chamada A Mariña, porque é unha costa practicamente rectilínea, dunha inusitada linearidade, disparada como un tiro cara ao norte, e non perde este sentido ata que presente xa a proximidade de Baiona. O viaxeiro da liña do ATSA pensa que esta é costa máis portuguesa que galega que é o que vén logo de Camiña, porque aló en Portugal o que máis manda son esas ribeiras que semellan tiradas a cordel, como en Aveiro ou Figueira da Foz, sen rías, enseadas, calas, cabos ou promontorios que rachen este tan peculiar e raro deseño cando estamos en Galicia.



O autobús vai suavemente, a un ritmo constante, pola estrada rectilínea beireando o grande océano. Os autobuses mudaron moito. Este vai todo tapizado en azul mariño, a xogo co traxe do condutor, con debuxos lineais a toda cor nas cadeiras, que mesmo semella que vas sentado sobre unha toalla da praia, moi a propósito —pensa o viaxeiro—, para esta viaxe co mar omnipresente. Todo moi limpo, música baixiña na radio e silencio no interior, a xente vai cavilando nas súas cousas. O ar acondicionado funciona moi ben. Que diferenza cos tempos pasados! —recorda o viaxeiro—. Daquela viaxar era toda unha aventura, inda que só fosen os trinta quilómetros que separaban a súa vila da capital de provincia. A estrada estirada e revirada coma unha serpe con máis de cen curvas, o autobús bufando e roncando por diante dunha nube negra e mesta camiñando a trancas. Un mundo de xentes de toda condición berrando, gargallando, subindo e baixando cada dez minutos. Gaiolas con pitas, feixes de coellas, caixas de froitas, restras de allos, algún porquiño de ceba, todo ía para a cima, e as maletas de coiro para a parte traseira. O revisor, coa chaqueta sucia e sen abrochar, berraba, xuraba e suaba pedíndolle celeridade á clientela. E logo, por fin, con aquela voz podente e rachada daba unha fenomenal portada dende o fondo do autobús e mandaba arrancar: ¡Vaaaaamooooos!

Tan só dez minutos despois xa estamos en Oia. O viaxeiro non sabe se se chama así polo que aparenta, pero pensa que podería ser unha “hoya”, buraco, fondura ou cunca, onde chanta os seus fundamentos un dos mosteiros máis emblemáticos de Galicia. Porque o certo é que toda esta costa non é máis que o produto do choque frontal e brutal das terras do continente contra o mar océano. Non hai secuencia, nin pausa, nin distracción no encontro entre a terra e a auga. Aquí, neste tramo entre Baiona e A Guarda, chegan os montes nun suspiro, voando naquelas alturas invisibles para lanzarse de súpeto ao baleiro, como un mascato, bicar as ondas do mar.



E por iso o que vemos sempre á nosa dereita é un esfraga-doiro por onde precipitan os montes todos, eses que veñen de lonxe, do Rosal, do Tamuxe, de Torroña e Mañufe, para se lanzar seiscentos metros máis abaixo nas fonduras abisais. É esta a razón de que agora, en vez do que acontece en moitas zonas de Galicia, teñamos por fronte unha beiramar tan raquíutica e estreitiña, onde apenas collemos o coche de liña e os que imos dentro. E por iso pensa o viaxeiro que en tan angosta senda mariña é certo que Oia semella unha “hoya”, un pequeno e diminuto universo acurrunchado entre os montes que se veñen abaixo, a xeito de cuncha ou media lúa co mosteiro por fronte.

Contan que alá arriba hai unha rocha que chaman A Pedra do Rei Sol, e non estraña, en efecto, que sobre miradoiro tan



excepcional, sobre aquela *ara solis*, poida un chegar a extasiar mirando como estrala o sol nas entrañas do mar. A fábrica do mosteiro é unha valiosa xoia dos séculos XVII e XVIII, pero parece que a súa longa historia se remonta ao século XII, nos anos escuros do medioevo, cando aparece a primeira congregación de monxes brancos do Císter en Galicia. A diminuta cala, xusto por fronte da porta de tan soberbio monumento, era o único refuxio existente en tan batida e exposta costa entre A Guarda e Baiona. Ao viaxeiro, que se detivo unha vez alí, gústalle imaxinar na balconada barroca fronte ao mar espido, media ducia de monxes brancos cavilando moi caladiños, pregando en tan illado lugar, contando dondas como

ondas fronte á furia indomable do mar. E contan que un día, andando en tan contemplativa e mesurada vida, aqueles fra- des viron chegar, alarmados, aos piratas berberiscos que en tempos asolaban as nosas costas e, sen pensalo dúas veces, alertaron a pequena guarnición de soldados que defendía tan remota e minúscula praza forte, e eles mesmos, os monxes brancos, foron tan decididos e tan valentes contra a ousadía daqueles mouros que tiveran arrestos para chegar tan lonxe, que andaron a disparar os canóns e sen contemplacións contra os impíos, conseguindo desbaratar unha nave e facer recuar o resto da armada inimiga. Dende o autobús, ao dar a curva, hai unha vista espléndida da vella fábrica do mosteiro, coas palmeiras, os claustros, os xardíns, e a esvelta e traballada torre disparada cara os ceos.

Por riba de Oia vai a serra da Grova. Terra de montes, irta e espida, onde viven en paz dende séculos inmemoriais os señores do vento: o cabalos galegos de Mougás, nunha envexable e rara liberdade. Porque se hai un curro afamado, onde os aloitadores amosan as súa destreza fronte á bravura animal, este é o da rapa das bestas daquela serra. Cando vemos aquela estampa inesquecible das burras baixando en mandas, o chan retumbando baixo o peso



dos equinos, os urros dos mozos alentando a eguada so o po reseso do verán, a loita a brazo partido, o lume, o ferro..., semella que viaxamos polo túnel do tempo para nos perder definitivamente na noite das idades, no corazón das tebras da nosa historia máis pura e primitiva.

A estrada, sempre seguindo o rumbo que marca a agulla magnética, vai cada vez máis comprimida na angosta senda. Os cotos da serra achéganse a nós, amosando moita luída pedrería granítica. Imos pola estreita franxa do pé de monte, a rentes da beiramar, con algúns piñeiros pola banda da serra e moita espuma no mar. É agora tan brava a paisaxe, de fentos, toxos e griseiros rochedos, tan montaraz, que de súpeto o autobús pega unha freada para non atropelar unhas cabras que





andan por alí soltas, “triscando nas beiras o céspede mol”, que iso dixo Curros Enríquez hai moitos anos, pero cando só se ía en carro, que daquela nada pasaba. “As cabras tiran ao monte, non á estrada, rediola!” —exclama o condutor alporizado. E todos os demais botamos a rir.

Pola fronte, logo dun par de curvas, xorde de repente a magnífica visión da Grova disparada contra o mar. É aquel perfil tan galego, das serras devalando en dente de serra, que veñen proxectadas de non se sabe onde, en tan veloz e precipitada viaxe que non dan parado e acaban afundindo con grande estrondo nas augas do océano, entre remuíños, precipicios, e ondas que escachan nos cons. Aló, pendurado da media aba da serra que esfraga, vese magnífico o faro de cabo Silleiro, lucindo un pixama a raias brancas e vermellas, que mesmo dá gusto velo. Son os faros da fin do mundo, que tanta importancia teñen na brava costa galega, terror dos marean-

tes. Contan que aquela luz salvadora chega a preto de setenta quilómetros de distancia.

Aos vinte minutos da saída na Guarda xa andamos por terra de boas sardiñas asadas. Como lle gustan ao viaxeiro aquelas paraxes!, cando ve fumar todo ao longo da estrada aquelas grellas cusbindo a fumeira revirada polas brisas oceánicas, e chega un arrecendo que lle abre un buraco na barriga ante a lembranza do peixe pingando graxa nun anaco de pan trigo.

Por aquí o mar xa quere comer o autobús e todos os que van dentro. As ondas baten nas rompentes e baixíos inmediatos a carón da mesma estrada. É unha paisaxe inesquecible, pois poucos lugares hai en Galicia onde un poida viaxar durante tanto tempo seguídiño a rentes e ao nivel do mar. Aquela planura infinita ten unha cor azul cobalto, intensa e profunda, dunha evocadora beleza, para logo escachar contra os derradeiros vestixios da serra, entre nubes de escuma que son asombro de todos os que visitan estas costas. Sempre hai xente naqueles miradoiros dos rompeondas pé da estrada, moi tesa e calada, ollando cun lume nos ollos a potencia irrefreable do mar.

Media hora de viaxe e xa estamos chegando a Baiona. No viaxeiro agroma un sorriso que lle sae do máis a dentro, cando lle nace ese orgullo polo propio, polo seu país, polo que é dun e non doutros. Porque, segundo di a súa muller, non hai no mundo enteiro paisaxe tan sublime como a que agora xorde de repente: a enorme e pacífica baía espallada a xeito de media lúa, os extensos e solícitos areais ategados de xente no verán, o monte Ferro presidindo a escena coa súa carapucha de piñeiros, as Estelas aboiando silandeiras a un tiro de pedra, un mar sereno de sedutora tranquilidade reclamando navegantes..., e aló no fondo, gardando celosamente a entrada da ría, o tesouro natural máis valioso de Galicia: as Illas Cíes.





As Illas Cíes pertencen hoxe ao primeiro e único parque nacional galego, xunto coas illas de Ons, Sálvora e Cortegada, todas xa desde hai dous anos propiedade do Goberno e, polo tanto, do pobo galego. O arquipélago das Cíes está formado por tres illas que son como tres xoias na coroa dos espazos naturais protexidos de Galicia: as illas de Monteagudo, Faro e San Martiño. Alí poderá contemplar absorto o viaxeiro hábitats, ecosistemas e especies raras, endémicas ou ameazadas. Hai alí sistemas dunares con especies adaptadas a aqueles ambientes extremos e de tanta rareza e importancia como a herba de namorar e a camariña, matogueiras con breixos, carrouchas e cardos, cantís onde aniña a colonia máis grande do mundo de gaivotas patiamarelas con trinta mil parellas!, o corvo mariño cristado, o paíño, o escasísimo arao catalogado en perigo crítico, as pardelas ou os espectaculares mascatos. E ademais nas augas que arrodean o arquipélago atópanse ecosistemas subacuáticos de moi elevado valor, como son os bosques de algas pardas de *Laminaria* ou os fondos de area, de cascallo e os coralinos de Maërl. Pero se algo en verdade a xente entende e comprende, é a paisaxe sen par que se descubre cando arribamos ao peirao, aquela sensación de estar nun paraíso virxinal, de augas case transparentes e areais dun branco inmaculado, que levaron a moita xente a considerar a praia de Rodas como o mellor areal do planeta. Non é de estrañar que máis de douscentos mil visitantes pasen por aló cada ano.

Imos entrando xa na vila afamada de Baiona. Cobre a vista enteira a soberbia fortaleza de Monterreal, onde está o parador do conde de Gondomar. A extraordinaria magnitude do baluarte, a súa situación estratéxica, a enorme muralla ameada, falan da importancia militar que tivo en tempos semellante monumento. A inxente obra que vemos, inda que con reformas posteriores, foi mandada facer polos reis felipes da casa de Austria aló polos séculos XVI e XVII, cando eran tan



frecuentes as incursións inimigas nas nosas costas. Sempre eses britanos receosos e cobizosos dos tesouros que nos chegaban acotío das Américas, berce de piratas convertidos en heroes nacionais como Francis Drake, que chegou ata aquí en 1585 para facer cos mil cincocentos homes que traía grandes falcatruadas en toda a vila, nas súas xentes e propiedades. Daquela a vila de Baiona era o gran porto comercial e militar do sur de Galicia, unha vila espléndida con moita mercadería e balbordo de xentes de toda condición, praza forte onde chegou a haber unha guarnición de dezasete mil soldados para protexer as nosas costas da rapiña dos piratas da pérvida Albión, dos francos que chegaron un día de 1533 con nada menos que cincuenta e seis barcos para aldraxarnos, e dos mouros berberiscos dos que xa se falou.

Pero para o viaxeiro, que é algo aventureiro, o máis importante ou senlleiro é un feito que inda que pareza menor cando andamos a falar de batallas, asedios e outros espantos, foi aquel día do un de marzo de 1493, en que chegou sucando suavemente as augas da baía unha nao pequerrechiña das do tipo carabela. Viña ao mando do capitán Martín Alonso Pinzón, e chamábanlle *A Pinta*. Traía lembranzas e recendos dunhas terras e dunhas xentes totalmente descoñecidas ata entón. Porque Baiona ten o galano de ser de todas as terras do Occidente, que ían dende San Pertersburgo no Báltico ata



Londres, e desde Atenas no Mediterráneo ata esta fisterra, o primeiro porto do mundo civilizado en recibir a noticia de que un novo mundo remataba de ser descuberto, nada máis nin nada menos que un continente enteiro chamado América. Imaxina o viaxeiro cun sorriso de satisfacción a face de asombro e de incredulidade que deberon amosar aquelas xentes de hai cincocentos anos, aló na praia en fronte do castelo, cando viron baixar de tan diminuto navío e despois de tan longa e perigosa travesía: algodón, patacas, millo, cacahuetes, tabaco, paxaros de estrafalarias cores e indios caribeños que chegaban por vez primeira da outra marxe da mar oceána, daquel Atlántico supostamente ateigado de seres fabulosos, cachóns arrepiantes e moitas outras abominacións.

O autobús xusto denantes do castelo xira por onde se sobe á Virxe da Rocha. É esta obra do afamado e xenial arquitecto Antonio Palacios, natural do Porriño e autor de obras de moita envergadura e sabedoría, como o Palacio de Telecomunicacións de Madrid na praza de Cibeles. A virxe con aquela barquiña-miradoiro na man dereita é unha fermosura de quince metros labrada na pedra de duro granito da serra, coa cariña e as mans de mármore branco, e a coroa de preciosa porcelana.



O autobús sae de Baiona ás tres en punto, e digo en punto porque así foi. A empresa esmérase en vila tan principal, con varias paradas ata chegar á Ramallosa. Pasamos parellos á vella ponte que cruza o río do Val Miñor. Que ponte tan fermosa! E pensa o viaxeiro que a esta non lle pasa como a tantas, que quedan as máis das veces recuadas e abandonadas a resultas das modernas vías de comunicación. Aquelas pontes romanas ou medievais esmorecen silandeiras entre hedras, silvas e fentos, lembrando con nostalxia aqueles tempos en que o paso da xente era tan frecuente como o discorrer das augas que seguen a ir por baixo. Pero non é o caso. A ponte da Ramallosa mantén a compostura, o uso, a fachenda e o xentío que lucía en tempos. Dá gloria vela cos seus dez arcos para salvar os trinta e seis metros de río que case é ría, de tan espigada e fina feitura, con eses tan rechamantes tallamares triangulares, e coa súa almiña e o san Pedro Telmo patrón dos navegantes, que se ten polo autor desta soberbia obra civil románica do século XIII.

O autobús, en vez de seguir a liña da costa por onde ía o vello tranvía, tira de fronte subindo cara a Nigrán. Alí está a vella estación no cruzamento da Ramallosa, tan agarimosa e cumpridiña, fronte ao esteiro do río Miñor que tamén é espazo natural protexido. O viaxeiro sente mágoa de que desaparezan estas cousas de outrora, que se perdera tan orixinal e xenuíno xeito de viaxar que podía ser un atractivo máis,

naquel tempo cando o tempo aínda era tempo, e a vida se levaba devagar, con moita máis tranquilidade e serenidade, ollando coa vista adurmiñada como devalaba o mundo con todas as súas glorias e calamidades, candenciosamente, tras as xanelas de madeira do tranvía.

Tres cuartos de hora despois estamos en Nigrán. Hai moita modernidade. Pero máis embaixo está o grande areal de praia América que lle trae ao viaxeiro recendos de Nivea e pel a torrar. E tamén Panxón, que foi dende sempre a paixón de tantos ourensáns coma el. O viaxeiro non entende como hai tanta xente á que, para veranear e fuxir do fastío e a rutina diaria, se lle dá por ir a un lugar onde atopar as mesmas caras







de sempre, para seguir a falar das mesmas cousas de sempre e dos problemas de todos os días do ano. Alí en Panxón está esa gloria de igrexa que fixo tamén o arquitecto Antonio Palacios e que lle puxo o nome de Templo Votivo do Mar. Non lonxe da igrexa atópase un arco visigótico de moito interese, pois son moi raras e escasas as manifestacións daquela cultura xermánica que chegou alén do Rin hai mil cincocentos anos. Con todo, dá pena velo, alí esquecido e abandonado por todos.

Ao cabo dunha hora, o viaxeiro bota unha ollada cara á esquerda e atópase de fronte coas Cíes. Agora vese o arquipélago completo e estirado no sentido norte-sur, coas súas tres illas ben definidas e perfiladas, pechando a bocana da ría de Vigo. Pola estrada cada vez hai máis humanidade e civilización, máis balbordo e tráfico rodado, como presentindo a proximidade da gran cidade. Imos todos moi cómodos, coa música baixiña e un circular maino e regular que en ningún intre se estragou. O autobús foi enchendo pouco a pouco, pero non chegou a pasar dun cuarto da súa capacidade. Os

autobuses xa non son o que eran. Antes íamos todos como sardiñas en lata, o que de vez viña ben cando era inverno e saían as frieiras, porque había moi poucas liñas. Un cheiro espantoso a humanidade de todas as razas e castes ategaba o interior. Pero o peor era cando unha señora de pano negro na cabeza, saias con volantes, zocos e medias de liño, anunciaba con grande estupor que se ía marear, o que por desgraza era bastante frecuente naquela infernal estrada. Nós, nenos ou rapaces, erguíamos de súpeto e mirabamos para diante. A muller chimpábase á ventá, metía a cabeza fóra pola estreita ventá da parte superior, xa chovera ou diluviara, e aló devolvía todo. E nós, rindo ás gargalladas, engruñados de frío baixo os nosos abrigos, ollando como a comida do día saía disparada cara a atrás empapuzando todas as ventás traseiras do autobús. A verdade é que si, moito mudaron os tempos! Inda que de vez non nos decatemos.

Alá abaixo está tamén a illa de Toralla, con ese espantoso edificio por riba, paradigma da especulación desenfreada, da visión obtusa dos gobernantes e da destrución do patrimonio

común. Logo, o autobús pasa xusto por detrás da ábsida desa beleza milenaria que é a igrexiña románica de Coruxo. Din que era igrexa dun priorado beneditino que en tempos pertenceu á mole conventual do mosteiro de Celanova, e que os monxes negros ostentaban dende alí a posesión inmemorial das illas Cíes, onde aínda quedan restos do seu poder secular.

Entramos en Vigo pola zona franca, e logo por Fragoso directos á praza de América. O autobús vai soltando xente pouco a pouco e pola Gran Vía ata a praza de España xa vai case baleiro, como no principio na Guarda. O condutor díxerlle ao viaxeiro que o camiño de hoxe duraría, con todas as paradas, un hora e media máis ou menos. Ao final, resultou que a fixemos en hora e coarto xusto, quince minutos antes. E o viaxeiro pensa que, se fósemos así en todo, outro galo nos cantarían, porque cando estivo en Inglaterra e xa non digamos na Alemaña, quedara marabillado coa precisión, puntualidade e rigor que tiñan aló os medios de transporte público, e así non era de estrañar que naqueles países tan avanzados case

todo o mundo os usara para ir ao traballo ou para facer o que lles petara, que é cousa que está moi ben.

Imos avanzando, cavilou satisfeito o viaxeiro mentres se entremetía nun nubeiro de persoas das máis pintorescas saíndo da estación.

